



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REGULAR A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUNHA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que esta consellería de Política Social formalizou co **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o convenio de colaboración arriba referido, cunha duración máxima de catro anos dende a data da súa sinatura.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de política Social para a cesión, por parte do concello, dun terreo de 3.018 m², situado no barrio de Fontiñas, á Consellería para construción neste dun centro de residencia de persoas maiores en situación de dependencia, no marco do plan “Como na casa”, cunha capacidade de 120 prazas .

Que existindo converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orden á consecución do fin perseguido, actuarase consonte ao seguinte:

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro – Na necesidade de establecer os mecanismos necesarios para o avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial á poboación galega que se atopa en situación de dependencia, mediante un plan de investimentos a desenvolver no período 2017-2020 co obxectivo de mellorar a calidade de vida dese colectivo, especialmente vulnerable.

Segundo.- Na atención ao proceso de envellecemento das persoa, particularmente no eido urbano de Galicia atendendo a súa menor cobertura de prazas residenciais, debido á maior poboación, que fan necesario incrementar a prestación destes servizos nesas contornas.

Terceiro – No desenvolvemento, das solucións arquitectónicas mais axeitadas resultado dos actuais avances arquitectónicos e tecnolóxicos procurando as mais altas cotas de benestar e de calidade de vida dos residentes.

Carto.- Que un dos principais e significativos colectivos de interese compartido por ambas entidades intégrano as persoas maiores, entendendo que a adecuada atención ao mesmo contribúe ao desenvolvemento do benestar de Galicia.

Así pois a actuación que se propón realizar, pode materializarse mediante un acordo entre a Consellería de Política Social e o Concello de Santiago de Compostela. Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade que permita executar as actuacións precisas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 /2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 17 de outubro de 2018.

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,
Ildefonso De la Campa Montenegro.

